

La remodelación de Quiroga Palacios primará el tránsito de los peatones

M. M. SANTIAGO / LA VOZ

En la remodelación de la rúa Quiroga Palacios se seguirá el mismo patrón planteado para otras calles que están siendo o han sido reformadas en los últimos años. El pasado viernes, la Xunta de Goberno aprobó iniciar el expediente de contratación del proyecto de renovación de vías y aceras de Quiroga Palacios presupuestado en 650.000 euros. El proyecto propone un nuevo reparto de las áreas de circulación de vehículos «cunha sección que potencia o tránsito peonil», según el alcalde compostelano, Agustín Hernández. Se contempla la adecuación de las áreas próximas a las escaleras, la ampliación en número y ancho de los pasos de peatones y una mejora de los vados para el acceso de vehículos a los edificios.

El proyecto contempla el enterramiento de la línea eléctrica del alumbrado público, así como la remodelación de aceras y calzada. Con las obras se eliminará el aparcamiento en el margen más estrecho, entre el convento y el seminario, y se mantendrán dos líneas de aparcamiento en ambas márgenes en la zona de edificios. Habrá en total 48 plazas de aparcamiento.

Contrato de cinco años para los ascensores de todos los centros socioculturales

M. M. SANTIAGO / LA VOZ

La Xunta de Goberno aprobó el pasado viernes el expediente de contratación del mantenimiento de todos los ascensores situados en los edificios destinados a centros socioculturales. El contrato se plantea para el periodo del 2014 al 2018, ambos incluidos. El servicio de mantenimiento tendrá un coste por año de 871,12 euros en el 2014; en el 2015, 6.261,75 euros; en el 2016, 7.840 euros; en el 2017, 7.840 euros; y en el 2018, 4.573 euros. La empresa que resulte adjudicataria deberá ocuparse del mantenimiento de los ascensores situados en siete de los 43 centros socioculturales de la red de Santiago. Los siete están en Fontiñas, Vite, A Trisca, A Rocha, Santa Marta, Castiñeiriño y Villestro.

CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ VOGAL DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA

«A síndrome posvacacional é só unha cuestión de adaptación»

«A maior demanda na consulta agora é para problemas de relacións»

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

Nos finais deste mes e inicios de setembro é frecuente falar da «síndrome posvacacional», descrita hai dúas décadas, e que para moitos profesionais da saúde mental non existe como tal. María Concepción Rodríguez Pérez, Vogal do Colexio Oficial de Psicoloxía, onde é Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural, afirma que «é unha maneira de psicopatologizar a vida e penso que non se debe falar nin falar dunha síndrome, pois é só unha cuestión de adaptación á vida normal despois dun período de descanso».

—**¿Tratou algúna vez este problema na consulta?**

—Non, nunca. E se me chegase algún caso sería porque hai na realidade outro problema, por exemplo co entorno laboral.

—**¿Ten que ver con outras situacions da vida?**

—Si, de considerarmos que todas as persoas se teñen que adaptar a diferentes situacions ao longo da vida. Voltar ao traballo, á escola, e a outras rutinas pode supor certas incomodidades. Por exemplo, ter que se erguer ás 7,00 da mañá, cando nas vacaciones se acordaba ás 10,30 ou ás 11,00. A solución a iso é comezar a adaptación dous ou tres días antes, iso non ten maior dificultade. De existir un problema laboral de fondo, ten que ser abordado más especificamente.

—**¿Para que lle piden axuda na súa consulta de psicoloxía?**

—A maior demanda na consulta agora é para problemas de relacións. Sobre todo por ruptura de parellas ou por dificulta-



«Cada vez é más necesario o trabalho de profesionais de psicoloxía», afirma Concepción. SANDRA ALONSO

«Queremos que os asuntos de xénero teñan presenza nas iniciativas do Colexio»

des cos fillos. Tamén problemas sobre problemas de rendemento académico dos fillos. E moitas veces o mal rendemento escolar ten que ver con problemas de comportamento.

—**¿Hai más consultas para tentar manter a relación ou polas consecuencias dunha ruptura?**

—Polas dúas causas. Hai parellas que queren arranxar a situación e evitar romper. Outras veces venen pedir axuda as persoas que fican máis prexudicadas por unha

ruptura. Os profesionais da psicoloxía podemos ofrecer axudas para as dúas situacions.

—**O Colexio de Psicoloxía di que ten máis de dous mil membros, que exercen en institucións públicas e privadas, ¿non son un número excesivo?**

—Penso que cada vez é más necesario o trabalho de profesionais da psicoloxía como colectivo que apoia á comunidade e ás familias. Agora as persoas están máis disgregadas, actúan máis individualizadas, e moitas precisan apoio mesmo para organizar mellor a súa vida, para ter unha rede de relacións sociais, ou para utilizar os recursos sociais que están ao seu dispo para non caer en problemas maiores, como poden ser a depresión, ou o consumo de alcohol e outras substancias que crean dependencia.

—**Coordiná a Comisión Intersectorial de Xénero no Colexio Profesional, ¿que obxectivo ten esta Comisión?**

—Queremos que os asuntos de xénero teñan presenza en todas as iniciativas do Colexio, que non haxa marxinación por esta cuestión en ningún dos ámbitos da nosa profesión.

—**Nos últimos días houbo varios casos de violencia doméstica, ¿cómo explica isto?**

—Moitas mulleres conviven con terror baixo un mesmo teito con outra persoa, e non lles é fácil saír dese situación. Detrás da violencia contra a muller costuma haber un home de estilo ideolóxico patriarcal, que a quiere someter. A sociedade ten que saber responder a estas situacións, que con tanta frecuencia son causa de crimes horrorosos.

«A literatura é unha parte esencial da miña vida»

Alén de psicóloga, Concepción Rodríguez participa activamente desde hai anos na literatura galega, asinando como Concha Roussia, e promove actividades culturais no Colexio de Psicoloxía.

—**Este verán o Colexio Oficial de Psicoloxía publicou un documento contra a reforma da lei do aborto, ¿cal é a súa opinión?**

—Asumo ese documento. Penso que a reforma recorta dereitos que teñen as mulleres e su-

pón un retroceso só por cuestións de ética e moral, e que vai crear desigualdades. Que se teña que alegar risco para a saúde mental e que se esixan dous informes profesionais para abortar pode ser tamén motivo de estigmatización para as mulleres.

—**Leva varios anos de presenza na literatura galega, ¿cómo valora esta experiencia?**

—A literatura é unha parte esencial da miña vida. E tamén utilizo na

profesión técnicas narrativas, ou a lectura. Quizá debería publicar máis a miña poesía. Aínda que difundo diariamente poemas en varios blogs e colaboro en sitios de Internet, e en xornais brasileiros. Os meus traballos son lidos por persoas que utilizan o portugués en moitos países.

—**¿Qué opina da Lei Paz Andrade, aprobada por unanimidade no Parlamento Galego?**

—Penso que é unha magnífica

oportunidade o obxectivo que se propón esa lei de promover o portugués no noso país e aproveitar as potencialidades internacionais que ofrece o portugués. Agora é importante que esa lei se aplique, sobre todo nos centros de ensino, para que as novas xeracións consoliden maiores usos da lingua e utilicen as posibilidades internacionais que ofrece a lingua galega, que eu estou a comprobar desde hai anos coa miña práctica lingüística.